



Foto: Manuel Redondo

Explorando alternativas agrocompostadoras para a xestión de residuos

Explicamos en que consiste a agrocompostaxe e presentamos o proxecto dun grupo operativo formado por diversos expertos na materia, cuxo obxectivo é implementar este novo modelo en diferentes comunidades do Estado, co fin de lograr maior diversificación de rendas, mellora dos solos e menos custos de xestión dos residuos urbanos.

Franco Llobera Serra

Asesor da rede de municipios agroecolóxicos Terraes
Asociación Economías BioRegionales
Sociedad Española de Agricultura Ecológica (SEAE)

QUE É A AGROCOMPOSTAXE?

A agrocompostaxe é unha modalidade de tratamento de residuos orgánicos, de diferente procedencia, incluíndo residuos urbanos, que realiza un agricultor para fertilizar os seus propios cultivos. Trátase dun termo acuñado en Austria e noutros países da UE, como Bélxica ou Francia, onde xa é unha práctica habitual.

O PROXECTO

Desde un grupo operativo (GO) estatal de agrocompostaxe estamos a estudar a viabilidade da súa transferencia a diferentes localidades e comunidades autónomas de España. Neste proxecto participamos socios con experiencia práctica en compostaxe de Canarias (ADER La Palma), Castela-A Mancha (Comunidad de Residuos Vega de Henares), Euskadi (Gurpide), País Valenciano (Unió de Llauradors) e Galicia (Calfensa), e que coordina a Sociedad Española de Agricultura Ecológica (SEAE), co apoio, como axente de Innovación, da asociación Economías BioRegionales.

O obxectivo deste proxecto é identificar municipios e agricultores interesados en realizar experiencias piloto,

ensaiaando a mestura de residuos urbanos (materia orgánica) con outros provenientes das diferentes actividades agrícolas ou gandeiras, e explorando a posibilidade de xerar unha renda complementaria polo servizo de tratamento dos biorresiduos de vilas e cidades.

VANTAXES DO MODELO

As vantaxes deste modelo son moitas: permite reducirles os custos de xestión dos residuos ás administracións locais, tanto na recollida como no transporte (menores desprazamentos que as plantas centralizadas), así como tamén os custos derivados do tratamento (aforro de compra de fertilizantes e emendas para o agricultor).

Fronte aos custos de entre 150 e 300 €/tm de biorresiduos urbanos, a agrocompostaxe local ou de proximidade podería diminuír eses custos ata 100 €/tm, ao tempo que lle xeraría unha renda ao agricultor. Por exemplo, o tratamento dos biorresiduos dunha vila de entre 4.000 e 5.000 habitantes, que xera unhas 500 tm/ano, permitiría achegar unha renda complementaria, para 1 ou 2 agricultores locais, da orde de 50.000 €/ano, e destinaríase o resultado da compostaxe a fertilizar anualmente unha superficie aproximada de 10 hectáreas.



Foto: Manuel Redondo

Planta de compostaxe de residuos de plataneira e plátano de destrío da Cooperativa La Prosperidad en La Palma xestionada por ADER La Palma. A súa capacidade de tratamento é de 1.000 t/ano para obter unhas 300 t/ano de *compost*, que se aplica nas propias plantacións de plátano da illa

Outra vantaxe deste modelo é que os concellos e as deputacións poderán xustificar a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro ao reducir o transporte, osixenar e diminuír emisións do propio proceso, e mesmo fixar carbono nos solos.

Para o sector agrícola ecolóxico, que require ser biointensivo, é especialmente interesante reducir a dependencia da compra de fertilizantes, e poderase producir *compost* conforme ás demandas da súas fincas, mellorando de modo natural a fertilidade da terra a través das propiedades probióticas do compostado.

O momento é favorable: municipios buscando innovación no obsoleto mundo da xestión de residuos, a Lei de bases do réxime local e a Lei de residuos 22/2011, que confirman que a responsabilidade da xestión de residuos é dos municipios. Porén, non hai unha norma que ampare estes sistemas descentralizados en explotacións en ningunha comunidade autónoma.

► A AGROCOMPOSTAXE LOCAL OU DE PROXIMIDADE PODERÍA REDUCIR OS CUSTOS ATA 100 €/TM, AO TEMPO QUE LLE XERARÍA UNHA RENDA AO AGRICULTOR

Ningunha lei menciona o termo 'agrocompostaxe' e as esixencias de tratamento de biorresiduos urbanos son as mesmas para unha planta centralizada de 100.000 tm/ano que para unha de 100 tm/ano que combine con subprodutos agrarios e e que use o *compost* para consumo en terras propias.

CONCLUSIÓN

A agrocompostaxe é unha novidade que depende dunha adecuada articulación da demanda e da oferta: demanda por parte das administracións e oferta de proximidade de titulares de explotacións agrarias. En concreto, neste GO de agrocompostaxe entendemos que as administracións locais son a clave, pois da súa decisión depende informar e motivar os titulares de explotacións para que se preparen co fin de ofrecer este servizo. Non obstante, non será doado que os concellos se sobrepoñan ás inercias e ás presións a favor dunha xestión centralizada, que no caso de Galicia foi especialmente intensa e ineficiente. A nova pregunta para formular o reto é: por que deberíamos investir en grandes plantas e realizar longos transportes se temos unha rede de agricultores e gandeiros con necesidade de diversificar rendas e solos necesitados de carbono ou emendas orgánicas? ■

psm

Oficinas Centrales:
San Manuel, 1
49028 Zamora
Benavente:
Renueva, 24
49600 Benavente (Za)
Salamanca:
Sanchez Ruano, 2
37008 Salamanca
Teléf. 923 120 789

pecuarias San Miguel

SANIDAD Y ALIMENTACIÓN ANIMAL



Desde 1988 damos servicio a los ganaderos.

☎ 980 50 93 64

✉ psm@pecuariassanmiguel.com

🌐 www.pecuariassanmiguel.com